# PROGRAMACIÓN 6º PRIMARIA

# CIENCIAS SOCIAIS

**CPI TINO GRANDÍO**

CURSO 2017/2018

# ÍNDICE

1. Normativa.

2. Introdución e contextualización

3. Obxectivos.

Obxectivos xerais de EDUCACIÓN PRIMARIA.

Concreción dos obxectivos para a área de Ciencias Sociais en 6º EP

4. Competencias clave.

Comunicación lingüística.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Competencia dixital.

Aprender a aprender.

Competencias sociais e cívicas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Conciencia e expresións culturais.

5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

6. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave.

7. Materiais e recursos didácticos.

8. Procedemento para a avaliación inicial.

9. Procedemento de avaliación continua e final.

10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

11. Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

12. Atención á diversidade.

13. Actividades complementarias e extraescolares.

14. Perfil competencial .

15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora .

## 1. Normativa.

- **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro (LOMCE) para a mellora da calidade educativa, que modifica en distintos aspectos a **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación (LOE).

- **DECRETO 105/2014,** do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 09.09.14)

  - **Resolución do 15 xullo de 2016**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. _ **Capítulo V: Programacións didácticas** (DOG 01.08.16)

## 2. Introdución e Contextualización.

O CPI Tino Grandío está situado no centro do pobo de Guntín. Imparte ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. A lingua materna dominante é o galego.

O grupo de alumnos e alumnas que conforman 6º de primaria neste curso 2017/2018 está formado por 10 alumnos/as. Un

dos alumnos/as ten necesidades específicas de apoio educativo motivadas entre outros aspectos polas súas condutas altamente disruptivas na aula, debido as súas dificultades no ámbito das habilidades sociais.

Desde a área de Ciencias Sociais estudamos as actividades e os comportamentos dos seres humanos, partindo doo entorno que nos rodea ata entornos mais afastados para obter unha visión da realidade mais global. As ciencias sociais tamén analizan os manifestacións da sociedade tanto reais como simbólicas. A finalidade desta área é aprender a vivir en sociedade, a coñecer os mecanismos fundamentais da democracia e a respectar as regras da vida colectiva.

## 3. Obxectivos xerais.

### 3.1. Obxectivos xerais da Educación Primaria.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio

activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f ) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia e a Cultura, con

especial atención a aqueles relacionados e vinculados con Galicia.

i ) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das Tecnoloxías da Información e da Comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

l ) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

m) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

n) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

ñ) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

o) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

p) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

## 3.2. Concreción dos obxetivos para 6º de Educación Primaria en termos de Competencias clave.

1. Coñecer a diversidade das paisaxes de España e Europa identificando as características principais do relevo, o clima e a hidrografía, e localizándoos en mapas. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista).

2. Coñecer os espazos protexidos e os parques naturais de España, así como a influencia do comportamento humano no medio natural, sendo capaz de identificar e valorar o uso sustentable dos recursos naturais, propoñendo medidas para conseguir un desenvolvemento territorial sustentable. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Iniciativa emprendedora / Intelixencias naturalista e intrapersoal).

3. Coñecer en que consiste o cambio climático e tomar conciencia das medidas necesarias para modificalo. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Iniciativa emprendedora / Intelixencias naturalista e intrapersoal).

4. Comprender os principais conceptos demográficos e calculalos a partir de datos de poboación, así como distinguir as principais características española e europea. (Matemática / Intelixencias naturalistas e intrapersoal / Sociais e cívicas).

5. Identificar os diferentes sectores de produción, así como as diversas actividades económicas de cada un en España e Europa. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal).

6. Descubrir o funcionamento da publicidade e distinguir entre publicidade educativa e consumista (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal).

7. Desenvolver unha educación financeira básica, tomando conciencia do valor do diñeiro e os seus usos mediante o consumo responsable e o sentido do aforro. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Iniciativa emprendedora / Intelixencias naturalista e intrapersonal).

8. Coñecer a importancia do espírito emprendedor, así como as características fundamentais dunha empresa, as súas diferentes actividades e as súas formas de organización, diferenciando os tipos de empresas (Matemática. Ciencia e tecnoloxía; Iniciativa emprendedora / Intelixencias naturalista e intrapersoal).

9. Coñecer os aspectos básicos da historia de España desde o século XIX ata a actualidade: transformacións económicas,

políticas, sociais, artísticas e culturais; localizar no espazo e o tempo feitos clave das diferentes etapas históricas. (Sociais e cívicas; Conciencia e expresión cultural / Intelixencia interpersoal).

10. Buscar, seleccionar e organizar información, analizala e extraer conclusións, reflexionar sobre o proceso seguido e comunicalo (oralmente ou por escrito) utilizando con rigor e precisión o vocabulario axustado aos temas, así como as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) e os recursos diversos na elaboración de traballos. (Comunicación lingüística; Dixital; Aprender a aprender / Intelixencias lingüística e verbal e intrapersoal).

11. Participar en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo (creando estratexias para resolver conflitos) e solidario, e respectando os principios básicos do funcionamento democrático. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal).

12.Buscar, seleccionar e organizar información de diferentes fontes, analizala e extraer conclusións, reflexionar sobre o proceso seguido e comunicalo (oralmente ou por escrito) utilizando con rigor e precisión o vocabulario axustado aos contidos traballados, así como as TIC e os recursos diversos na elaboración de traballos. (Comunicación lingüística, Dixital, Aprender a aprender / Intelixencias lingüística e verbal e intrapersoal).

13. Participar en actividades de grupo cooperativo adoptando un comportamento responsable e mostrando habilidades para evitar e resolver os conflitos pacificamente. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal).

14. Mostrar autonomía ao planificar e levar a cabo accións e tarefas, creatividade e iniciativa ao tomar decisións. (Iniciativa emprendedora / Intelixencia intrapersoal).

## 4. Competencias clave.

Competencias: son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

**COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (CSC)**

Desde esta área contribúese a que os alumnos comprendan a realidade na que viven e a que desenvolvan coñecementos e actitudes sobre a sociedade actual.

Tamén reforza a capacidade de traballar en equipo: o diálogo, a resolución pacífica de conflitos, a aceptación de puntos de vista alleos á hora de utilizar estratexias persoais de resolución de problemas, ser tolerante e respectar as opinións de compañeiros/as.

**COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)**

A área estimulará a competencia matemática na medida en que o alumnado se enfronte a situacións cotiás a través da observación, experimentación e desenvolvemento de proxectos e de traballos que precisen o uso de técnicas adecuadas para calcular, aplicar estratexias de resolución de problemas, estimar a lóxica e a validez das argumentacións e reflexionar sobre estas, apoiar explicacións e presentar informacións na linguaxe matemática.

**COMUNICACIÓN LINGÚÍSTICA (CCL)**

Desde esta área contribúese ao aumento significativo da riqueza en vocabulario específico que implicará, ademais, claridade nas exposicións, rigor no emprego dos termos, estruturación do discurso, síntese,…

Unha boa parte das aprendizaxes desta área preséntanse en diferentes códigos, formatos e linguaxes, requirindo diferentes procedementos para a súa comprensión: na resolución de problemas adquire especial importancia a expresión tanto oral como escrita dos procesos realizados e dos razonamentos seguidos posto que axudan a formalizar o pensamento.

Debemos ter en conta que a linguaxe matemática é un vehículo de comunicación de ideas moi preciso e que conta cun léxico propio de tipo sintético, simbólico e abstracto.

**COMPETENCIA DIXITAL (CD)**

Son numerosos os recursos que existen na rede que contribúen ao desenvolvemento destas áreas: espazo Abalar, visionado de vídeos explicativos de experiencias científicas (youtube), apps, aplicacións didácticas (jclic, edilim)

Debemos conseguir que o alumnado dispoña de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para poder transformala en coñecemento, cunha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando fora necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes en distintos soportes.

**COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

Tamén a competencia para aprender a aprender é susceptible de desenvolvemento en todos os bloques desta área, deseñando tarefas para que o alumnado aprenda a contrastar e seleccionar información apropiada segundo os obxectivos programados, a tentar distintas estratexias para resolver problemas, a planificar proxectos, a investigar a partir dos coñecementos que xa ten sobre un determinado tema, etc. Ao final da etapa o alumnado debería ser capaz de planificar e desenvolver proxectos e investigacións acordes co seu nivel, sendo cada vez máis consciente das súas propias capacidades para identificar os posibles obstáculos, buscar os recursos apropiados e por último autoavaliar os seus logros para corrixir os erros e aprender deles.

**SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)**

Esta área favorece a iniciativa e o espírito emprendedor desde todos os seus bloques mediante a planificación de tarefas enfocadas cara ao fomento da responsabilidade, a perseveranza, a toma de decisións, a resolución de problemas, a capacidade de análise, o coñecemento de si mesmo e a autoestima. Na elaboración e desenvolvemento de proxectos individuais e colectivos o alumnado pode transformar as ideas en accións, explorar, tomar camiños equivocados, construír modelos...; é dicir, propoñerse obxectivos e planificar e levar a cabo o planeado.

**CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)**

Esta competencia tamén se traballa coas nosas actividades, xa que normalmente están relacionadas coas prácticas matemáticas doutras culturas (de numeración e de medición). Por outra banda debemos ter en conta que a xeometría é parte integral da expresión artística..

## 5. Vinculación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución de cada un, competencias clave, elementos transversais, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

| COMÚNS AOS TRES TRIMESTRES | | **Unidades didácticas** en que se desenvolven: todas |
|---|---|---|
| ***Contidos*** | ***Criterios de avaliación*** | ***Estándares de aprendizaxe*** |
| **Bloque 1. Contidos comúns**<br><br>1. Iniciación ao coñecemento científico e á súa aplicación nas Ciencias Sociais.<br>Recollida de información do tema que hai que tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).<br><br>2. Utilización das TIC para buscar e seleccionar información e presentar conclusións. | 1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).<br><br>2. Utilizar as TIC para obter información, aprender e expresar contidos sobre Ciencias Sociais. | 1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, reflexiona sobre o proceso seguido e comunícao oralmente e/ou por escrito.<br><br>2.1. Utiliza as TIC (Internet, blogs, redes sociais etc.) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.<br>2.2. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as TIC. |

| | | |
|---|---|---|
| 3. Desenvolvemento de estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información obtida mediante diferentes métodos e fontes.<br>Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficos.<br>Técnicas de traballo intelectual.<br>Estratexias para desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo. | 3. Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo. | 3.1. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.<br>3.2. Utiliza con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.<br>3.3. Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área que manifesten a comprensión de textos orais e/ou escritos. |
| 4. Fomento de técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias Sociais (de carácter social, xeográfico e histórico). | 4. Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a procura, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, mostrando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo.<br><br>5. Valorar o traballo en grupo, mostrando | 4.1. Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a procura, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico. |

| | | |
|---|---|---|
| 5. 6. 7. 8. Utilización de estratexias para potenciar a cohesión do grupo e o traballo cooperativo.<br>Uso e utilización correcto de diversos materiais cos que se traballa. | actitudes de cooperación e participación responsable, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.<br><br>6. Respectar a variedade dos diferentes grupos humanos e valorar a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.<br><br>7. Participar dunha maneira eficaz e construtiva na vida social creando estratexias para resolver conflitos. | 5.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo e mostra habilidades para a resolución pacífica de conflitos.<br>5.2. Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.<br><br>6.1. Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.<br><br>7.1. Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida social e crea estratexias para resolver conflitos.<br>7.2. Identifica e utiliza os códigos de conduta e os |

| | | |
|---|---|---|
| | | usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornas (escola, familia, barrio etc.). |
| | 8. Valorar a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os valores democráticos. | 8.1. Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos e fomenta os valores democráticos. |
| 9. Planificación e xestión de proxectos co fin de alcanzar obxectivos.<br>Iniciativa emprendedora. | 9. Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor, aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras. | 9.1. Mostra actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que o rodean.<br>9.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. |

| | | |
|---|---|---|
| 10. Estratexias para a resolución de conflitos, utilización das normas de convivencia e valoración da convivencia pacífica e tolerante. | 10. Desenvolver actitudes de cooperación e de traballo en equipo, así como o hábito de asumir novos roles nunha sociedade en continuo cambio. | 10.1. Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.<br>10.2. Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades. |

| PRIMEIRO TRIMESTRE | | **Unidades didácticas** en que se desenvolven: 1, 2, 3 |
|---|---|---|
| ***Contidos*** | ***Criterios de avaliación*** | ***Estándares de aprendizaxe*** |
| **Bloque 2. O mundo que nos rodea**<br>1. A diversidade xeográfica das paisaxes naturais de España: relevo, climas, e hidrografía. | 1. Describir as características do relevo de España, así como os seus climas e a súa rede | 1.1.Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a |

| | | |
|---|---|---|
| | hidrográfica, localizándoos nun mapa. | escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.<br>1.2.Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinana.<br>1.3. Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España e de Europa valorando a súa diversidade.<br>1.4.Explica as características das principais unidades do relevo de España.<br>1.5. Localiza nun mapa as unidades do relevo de España.<br>1.6. Sitúa nun mapa as barreiras naturais que actúan como fronteiras de España.<br>1.7. Identifica nun mapa os principais elementos do relevo litoral de España..<br>1.8. Clasifica os tipos de climas de España e |

| | | |
|---|---|---|
| | | describe a vexetación asociada a estes climas.<br>1.9. Analiza e interpreta climogramas característicos de España.<br>1.10. Localiza nun mapa as vertentes hidrográficas de España e algúns dos seus principais ríos.<br>1.11. Sitúa nun mapa os principais ríos de cada vertente e os seus afluentes máis importantes.<br>1.12. Sitúa nun mapa os arquipélagos das Baleares e das Canarias co nome das súas principais illas e as cidades de Ceuta e Melilla. |
| 2. A diversidade xeográfica das paisaxes naturais de Europa: relevo, climas e hidrografía. | 2. Identificar as principais unidades do relevo de Europa, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoas nun mapa. | 2.1. Explica as características das principais unidades do relevo de Europa.<br>2.2. Localiza nun mapa as unidades do relevo de Europa.<br>2.3. Identifica no mapa os principais elementos do relevo litoral de Europa. |

| | | |
|---|---|---|
| | | 2.4. Clasifica os climas europeos e describe a vexetación asociada aos climas de Europa.<br>2.5. Sitúa nun mapa as vertentes ás que pertencen os principais ríos europeos.<br>2.6. Localiza en mapas os principais ríos e lagos de Europa.<br>2.7. Describe as características dos ríos europeos e españois e realiza unha comparación entre eles.<br>2.8. Explica as características das principais paisaxes de Europa e de España e establece comparacións entre eles valorando a súa diversidade. |
| 3. Espazos protexidos. | 3. Explicar que é un espazo protexido e coñecer as principais características dun parque nacional, valorando a necesidade da existencia destes espazos para conservar lugares especiais pola | 3.1. Identifica e explica as características dos espazos protexidos e os parques nacionais, valorando a súa necesidade.<br>3.2. Sitúa nun mapa os principais espazos |

| | | |
|---|---|---|
| | súa paisaxe. | protexidos e parques nacionais de España. |
| 4. A intervención humana no medio.<br>Os problemas ambientais: a degradación, a contaminación e a sobreexplotación dos recursos.<br>Conservación e protección do medio natural: a acumulación de residuos.<br>A reciclaxe.<br>O desenvolvemento territorial sustentable. | 4. Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural identificando o uso sustentable dos recursos naturais e propoñendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento territorial sustentable das sociedades, especificando os seus efectos positivos. | 4.1. Describe e analiza o efecto da acción humana na conservación e transformación do medio natural.<br>4.2. Diferencia o uso sustentable e o consumo insustentable dos recursos naturais.<br>4.3.Explica o uso sustentable dos recursos naturais propoñendo e adoitando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.<br>4.4. Explica algúns efectos da contaminación sobre as persoas, os animais, as plantas e as súas contornas, e expón alternativas para previla ou reducila.<br>4.5. Distingue entre deforestación, sobreexplotación e contaminación e identifícaas como accións humanas que deterioran o medio |

| | | |
|---|---|---|
| | | natural.<br>4.6. Propón e adopta medidas para conservar e protexer o medio natural e para previr e minimizar os desastres naturais.<br>4.7. Valora a reciclaxe e a reutilización de distintos materiais.<br>4.8. Distingue os diferentes tipos de residuos domésticos, sabe onde depositalos e identifica os tipos de colectores existentes para reciclar o lixo.<br>4.9. Utiliza as TIC para obter información sobre as institucións gobernamentais e non--gobernamentais que traballan para protexer o medio natural.<br>4.10. Analiza, a través de documentos sinxelos, as conclusións das conferencias internacionais sobre o medio natural. |
| 5. O cambio climático: causas e consecuencias. | 5. Explicar as consecuencias que teñen as nosas | 5.1. Explica as causas e consecuencias do |

| | | |
|---|---|---|
| | accións sobre o clima e o cambio climático. | cambio climático e as actuacións responsables para frealo. |
| SEGUNDO TRIMESTRE | | **Unidades didácticas** en que se desenvolven: 4, 5, 6 |
| ***Contidos*** | ***Criterios de avaliación*** | ***Estándares de aprendizaxe*** |
| **Bloque 3. Vivir en sociedade**<br>1. 2. Demografía e poboación.<br>Variables demográficas.<br>Conceptos demográficos: poboación absoluta, densidade de poboación, distribución espacia, crecemento natural e crecemento real da poboación.<br>Representación gráfica de datos demográficos: as pirámides de poboación.<br>Poboación de Europa: distribución e evolución. | 1. Comprender e interpretar os principais conceptos demográficos e calculalos a partir dos datos de poboación.<br><br>2. Distinguir as principais características española e europea, explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representádoa graficamente. | 1.1. Define poboación dun territorio e identifica os principais factores que inciden nesta e defíneos correctamente.<br>2.1.Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.<br>2.2.Describe as principais características da poboación española e europea.<br>2.3.Explica o proceso da evolución da poboación en España e en Europa e describe a incidencia qeu tiveron nesta, factores como |

| | | |
|---|---|---|
| | | a esperanza de vida o a natalidade.<br>2.4.Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española e europea.<br>2.5.Describe a densidade de poboación de España comparándoa mediante gráficos coa media da Unión Europea. |
| 3. Os movementos migratorios: éxodo rural, a emigración a Europa, a chegada de emigrantes a España, problemas actuais da poboación. Estudo dos movementos migratorios da familia. | 3.Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rual, a emigración a Europa, e achegada de emigrantes a España e identificar os problemas actuais da poboación. | 3.1. Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes a España.<br>3.2.Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración etc. |
| 4. Os sectores de produción: primario, secundario e terciario. | 4.Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as | 4.1.Describe as características dos sectores económicos e especifica as principais actividades |

| | | |
|---|---|---|
| | características destes e recoñecer as principais actividades económicas de España e Europa. | que corresponden a cada un deles.<br>4.2.Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.<br>4.3. Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e as súas localizacións nos territorios correspondentes.<br>4.4. Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en Europa e as súas localizacións nos territorios correspondentes.<br>4.5. Explica as principais actividades económicas de España, en relación cos sectores de produción e as características do medio natural.<br>5.6. Identifica as principais industrias de Europa, os produtos que fabrican, e especifica en que países se localizan. |

| | | |
|---|---|---|
| 5. As actividades económicas e os sectores produtivos de España e Europa. | 5. Comparar como se distribúe a poboación en cada un dos sectores económicos en Europa e España, explicando as similitudes e diferenzas. | 5.1. Explica como se distribúe a poboación en cada un dos sectores económicos en España.<br>5.2. Explica como se distribúe a poboación en cada un dos sectores económicos en Europa.<br>5.3. Analiza e interpreta distintos tipos de gráficos sobre a distribución da poboación por sectores económicos en España.<br>5.4. Analiza e interpreta distintos tipos de gráficos sobre a distribución da poboación por sectores económicos en Europa.<br>5.5. Interpreta gráficos sinxelos da poboación ocupada no sector servizos en España.<br>5.6. Interpreta gráficos sinxelos da poboación ocupada no sector servizos en Europa. |

| | | |
|---|---|---|
| 6. A produción de bens e servizos. | 6. Explicar as características que teñen no mundo actual as comunicacións, os medios de transporte e as novas actividades económicas relacionadas coa produción de bens e servizos, especificando os cambios que supuxeron para a vida humana. | 6.1. Describe cales son as actividades destinadas a ofrecer servizos á sociedade.<br>6.2. Identifica os principais produtos que exporta e importa Europa.<br>6.3. Explica como a introdución de novas actividades económicas relacionadas coa produción de bens e servizos supuxo cambios para a vida humana. |
| 7. O consumo e a publicidade. | 7. Describir o funcionamento da publicidade e as súas técnicas, distinguindo publicidade educativa e publicidade consumista. | 7.1. Valora con espírito crítico a función da publicidade e recoñece e explica as técnicas publicitarias máis habituais, analizando exemplos concretos.<br>7.2. Comenta imaxes ou anuncios publicitarios e recoñece a diferenza entre a realidade dos produtos e a forma en que se anuncian. |
| 8. Educación financeira. | 8. Tomar conciencia do valor do diñeiro e os seus | 8.1. Diferencia entre distintos tipos de gasto e |

| | | |
|---|---|---|
| O diñeiro.<br>O aforro. | usos mediante o consumo responsable e o sentido do aforro. | adapta o seu orzamento a cada un deles.<br>8.2. Planifica os seus aforros para gastos futuros elaborando un pequeno orzamento persoal.<br>8.3. Investiga sobre distintas estratexias de compra, comparando prezos e recompilando información. |
| 9. Empregabilidade e espírito emprendedor. | 9. Comprender os beneficios que ofrece o espírito emprendedor. | 9.1. Desenvolve a creatividade e valora a capacidade emprendedora dos membros dunha sociedade. |
| 10. A empresa.<br>Actividade e funcións das empresas.<br>Pequenas e grandes empresas<br>Formas de organización. | 10. Explicar as características esenciais dunha empresa, especificando as diferentes actividades e formas de organización que poden desenvolver distinguindo entre os distintos tipos de empresas. | 10.1. Identifica diferentes tipos de empresa segundo o seu tamaño e o sector económico ao que pertencen as actividades que desenvolven.<br>10.2. Describe diversas formas de organización empresarial.<br>10.3. Define termos sinxelos relacionados co mundo da empresa e a economía, ilustrando as |

| | | |
|---|---|---|
| | | definicións con exemplos. |

| TERCEIRO TRIMESTRE | | **Unidades didácticas** en que se desenvolven: 7, 8, 9, 10 |
|---|---|---|
| ***Contidos*** | ***Criterios de avaliación*** | ***Estándares de aprendizaxe*** |
| **Bloque 4. As pegadas do tempo**<br><br>1.O tempo histórico e a súa medida.<br>Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo. Realización dunha liña do tempo que recolla os acontecementos históricos máis relevantes que marcan as idades da historia. | 1. Utilizar nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos relevantes. | 1.1.Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.<br>1.2.Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes das distintas idades da historia en España.<br>1.3.Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia de España |

| | | |
|---|---|---|
| | | describindo as principais características de cada unha delas.<br>1.4. Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas. |
| 2. As transformacións económicas, políticas, sociais e culturais do século XIX. España na Idade Contemporánea: o século XIX.<br>A guerra da Independencia e o labor das Cortes de Cádiz (1808-1813). | 2. Describir as grandes etapas políticas do século XIX en España, desde a guerra da Independencia ata a rexencia de María Cristina. | 2.1. Elabora un eixe cronolóxico cos reinados e etapas políticas da España no século XIX.<br>2.2. Describe as grandes etapas políticas da historia de España desde 1808 ata 1902.<br>2.3. Explica a guerra da Independencia e as súas consecuencias.<br>2.4. Analiza a Constitución de Cádiz.<br>2.5. Describe as principais diferenzas entre unha monarquía absoluta e unha monarquía parlamentaria. |

| | | |
|---|---|---|
| | | 2.6. Identifica os principais grupos ou partidos políticos xurdidos ao longo do século XIX.<br>2.7. Define o carlismo e explica as súas ideas principais. |
| 3. A evolución política: desde o reinado de Fernando VII ata a rexencia de María Cristina (1814-1902). | 3. Analizar as grandes transformacións económicas da España do século XIX, especificando as que se levaron a cabo na agricultura, a industria e os transportes. | 3.1. Explica as grandes transformacións sociais e económicas de España no século XIX.<br>3.2. Analiza o proceso de industrialización de España e as súas diferenzas respecto dos países máis avanzados de Europa.<br>3.3. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos explicando a importancia da rede de ferrocarrís. |
| 4. As transformacións económicas e sociais do | 4. Explicar as características da nova sociedade | 4.1. Describe os distintos grupos que formaban a |

| | | |
|---|---|---|
| século XIX. | de clases, comparándoa coa sociedade estamental do Antigo Réxime. | sociedade de clases.<br>4.2. Explica as características principais da burguesía e a clase obreira no século XIX. |
| 5. Arte e cultura da España do século XIX. | 5. Diferenciar as correntes artísticas e culturais da España do século XIX, citando obras e autores representativos de cada unha delas. | 5.1. Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais da España do século XIX e cita os seus representantes máis significativos. |
| 6. España na Idade Contemporánea: os séculos XX e XXI.<br>O reinado de Alfonso XIII e a ditadura de Primo de Rivera (1902-1931).<br>A Segunda República e a Guerra Civil (1931-1939).<br>A ditadura de Franco (1939-1975). | 6. Describir as grandes etapas políticas do século XX en España, desde o reinado de Alfonso XIII ata os nosos días, explicando as características xerais de cada unha delas. | 6.1. Describe os principais feitos do reinado de Alfonso XIII, incluída a ditadura de Primo de Rivera.<br>6.2. Explica as causas que levaron á proclamación da Segunda República, as súas reformas e os seus problemas.<br>6.3. Identifica as causas e consecuencias da Guerra Civil.<br>6.4. Compara a evolución política e a situación |

| | | |
|---|---|---|
| | | económica dos dous bandos durante a guerra.<br>6.5. Explica a evolución de España durante o franquismo.<br>6.6. Sitúa nunha liña do tempo os principais acontecementos históricos desde 1939 ata 1975.<br>6.7. Explica en que se diferencia unha ditadura dunha democracia.<br>6.8. Sitúa nunha liña do tempo os principais acontecementos históricos desde 1975 ata os nosos días. |
| 7. A transición á democracia e a Constitución de 1978. | 7. Analizar a Constitución de 1978 como base da nosa democracia, relacionándoa coa organización política da España actual. | 7.1. Identifica, respecta e valora a Constitución de 1978 como base da nosa democracia.<br>7.2. Recoñece a democracia como a forma de goberno que vela polos dereitos de todos os cidadáns e explican como se constitúe un goberno democrático. |

| | | |
|---|---|---|
| 8. A nosa historia recente. A organización política da España actual. | 8. Respectar os dereitos humanos e as diferenzas existentes entre os sistemas de valores das distintas relixións ou grupos étnicos, aceptando o principio de igualdade e a necesidade dunha convivencia pacífica, tolerante e democrática entre todos os grupos humanos, e creando estratexias para resolver conflitos. | 7.3. Identifica e explica algúns artigos da Constitución española relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns.<br>7.4. Describe a organización actual do Estado español e a función das súas principais institucións.<br>7.5.Describe as características da sociedade española actual, e valora o seu carácter democrático e plural, así como a pertenza á Unión Europea.<br><br>8.1. Respecta os dereitos humanos e acepta o principio de igualdade, como base da democracia.<br>8.2. Respecta as diferenzas existentes entre os sistemas de valores das distintas relixións ou grupos étnicos.<br>8.3. Valora a importancia dunha convivencia |

| | | |
|---|---|---|
| | | pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos e propón estratexias para resolver conflitos. |
| 9. España na Unión Europea. | 9. Describir o proceso de integración de España en Europa, explicando que é a Unión Europea, a súa historia, as súas principais institucións e os seus obxectivos políticos e económicos. | 9.1. Explica as consecuencias que tivo para España a súa pertenza á Unión Europea, desde o seu ingreso en 1986.<br>9.6. Describe os principais problemas da España actual.<br><br>10.1. Menciona en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais da España dos séculos XX e XXI, e cita os seus representantes máis significativos.<br>10.2.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora. |

| | | |
|---|---|---|
| 10. Arte e cultura da España dos séculos XX e XXI.<br>O noso patrimonio histórico e cultural. | 10. Diferenciar as correntes artísticas e culturais da España dos séculos XX e XXI, citando obras e autores representativos de cada unha delas. | 10.3.Respecta os restos históricos e os valora como un patrimonio que debemos legar e recoñece o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental nos achega para o coñecemento do pasado.<br>10.4.Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.<br>10.5.Aprecia a herdanza cultural a escala locala, nacional e europea como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar. |
| 11.A Unión Europea<br>A organización económica, social, política e territorial da Unión Europea. | 11. Identificar a estrutura e os fins da Unión Europea, explicando algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte da Unión Europea. | 11.1. Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos.<br>11.2. Localiza nun mapa o seis países fundadores de Comunidade Económica Europea, precursora da actual Unión Europea. |

| | | |
|---|---|---|
| | | 11.3. Describe as características e funcións máis importantes das principais institucións da Unión Europea.<br>11.4. Localiza nun mapa as sedes das principais institucións europeas.<br><br>11.1. Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais.<br>11.2.Identifica as principais institucións e os seus órganos de goberno na Unión Europea, recoñecendo os seus símbolos e explicando en que consiste o mercado único e a zona euro. |

**Unidade 1: XEOGRAFÍA DE ESPAÑA**

**1. Obxectivos en termos de competencias e relación coas IIMM**

1. Coñecer as características das grandes unidades de relevo de España e saber situalas nun mapa. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias naturalista, visual e espacial)

2. Coñecer os diferentes litorais de España, onde se localizan e as súas características máis destacables. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)

3. Localizar e situar nun mapa as vertentes hidrográficas españolas, os ríos principais e as cidades que atravesan. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía. / Intelixencias naturalista, visual e espacial)

4. Reflexionar sobre a importancia de realizar unha boa conservación dos nosos ríos. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)

5. Coñecer os tipos de climas de España e as paisaxes asociadas a estes climas. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)

6. Recoñecer as características que se observan e miden para coñecer e prever o tempo atmosférico. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias naturalista, lóxica e matemática)

7. Saber analizar e interpretar climogramas. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencias naturalista, lóxica e matemática)

8. Reflexionar sobre os aspectos da climatoloxía que deben terse en conta á hora de realizar unha saída en grupo. (Iniciativa emprendedora / Intelixencias naturalista, intrapersoal)

9. Participar en actividades de grupo mostrando actitudes de cooperación e participación responsable, aceptando tanto as diferenzas como as ideas e as achegas alleas dunha maneira respectuosa e tolerante. (Sociais e cívicas, Iniciativa emprendedora, Aprender a aprender / Intelixencias interpersoal e intrapersoal)

2. **Relación Contidos / Criterios de avaliación / Estándares de aprendizaxe**

| *Contidos* | *Criterios de Avaliación* | *Estándares de aprendizaxe* | |
|---|---|---|---|
| • Resolución da tarefa integrada: *Ímonos?* P<br>• Os relevos periféricos. C<br>• As depresións do Ebro e do Guadalquivir. C<br>• Os relevos interiores (sistema Central e Montes de Toledo). C<br>• A Meseta. C<br>• Os relevos exteriores (do norte e do sur). C<br>• O arquipélago balear. C<br>• O arquipélago canario. C<br>• A costa cantábrica, a costa atlántica (galega, andaluza e canaria) e a costa mediterránea. C<br>• A vertente cantábrica, a vertente atlántica e a vertente mediterránea. C<br>• A auga nas illas: torrentes e barrancos. C<br>• O clima oceánico, continental, subtropical, de | • Describir as características do relevo de España, así como os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoa nun mapa.<br>• Recoñecer as zonas climáticas e os tipos de climas de España identificando algunhas das súas características básicas.<br>• Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o determinan.<br>• Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes.<br>• Utilizar as TIC para obter información, aprender e expresar contidos de Ciencias Sociais. | • Explica as características das principais unidades do relevo de España e localízaas nun mapa.<br>• Recoñece os principais trazos do relevo, os ríos e o clima de España.<br>• Sitúa nun mapa os arquipélagos balear e canario co nome das súas illas principais e as cidades de Ceuta e Melilla.<br>• Identifica nun mapa os principais elementos do relevo litoral de España.<br>• Sitúa nun mapa os principais ríos de cada vertente e os seus afluentesmáis importantes.<br>• Clasifica os tipos de climas de España e describe a vexetación asociada aos devanditos climas.<br>• Analiza e interpreta climogramas característicos de España. | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| montaña e mediterráneo. C<br>• Unha volta polo mundo: o clima urbano. V<br>• Elementos característicos do clima español: a temperatura e as precipitacións. C, P<br>• Os climogramas. C<br>• Aplicación da rutina de pensamento: *Penso - Interésame - Investigo*, sobre o río Guadiana. P<br>• Aplicación dos contidos traballados na unidade dunha maneira competencial.<br>• Ser capaz de buscar información e de organizarse para organizar unha excursión.<br>• Reflexión sobre a propia aprendizaxe. | | • Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España e as zonas ás que afecta cada un.<br>• Identifica os elementos e explica as características das principais paisaxes de España, valorando a súa diversidade.<br>• Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, reflexiona acerca do proceso seguido e comunícao oralmente e/ou por escrito.<br>• Utiliza as TIC (Internet, blogs, redes sociais etc.) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados. | |

| • | ENSINANZAS TRANSVERSAIS |
|---|---|
2. Coñecer os tratados que deron orixe a diversas organizacións ata a creación da Unión Europea. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal)
3. Saber que significa ter un mercado común e cales son as súas vantaxes. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal)
4. Saber que países forman parte da zona euro. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía. Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal)
5. Saber que países fundaron a Unión Europea e que ampliacións houbo ao longo da historia. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
6. Situar nun mapa os países da UE, así como as súas respectivas capitais. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)
7. Coñecer os símbolos e o funcionamento da UE a partir do coñecemento das súas principais institucións. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal)
8. Coñecer os dereitos e os deberes como cidadáns da UE na Carta de Dereitos Fundamentais. (Sociais e cívicas / Intelixencia interpersoal)
9. Saber que países forman parte da eurozona. (Matemática. Ciencia e tecnoloxía / Intelixencia naturalista)

## 2. Relación Contidos /Criterios de avaliación / Estándares de aprendizaxe

| ***Contidos*** | ***Criterios de Avaliación*** | ***Estándares de aprendizaxe*** | |
|---|---|---|---|
| • Resolución da tarefa integrada: Un parlamento europeo na clase. P<br>• Formación da Unión Europea. P<br>• Tratado de París (1951). C<br>• Tratado de Roma (1957). C<br>• Tratado de Maastricht (1992). C<br>• Os membros da Unión Europea. C<br>• Bandeira europea. C<br>• Himno europeo. C<br>• Día de Europa. C<br>• Lema da Unión Europea. C<br>• Aula aberta: lema da Unión Europea. V<br>• Institucións da Unión Europea. C, P<br>• Parlamento Europeo. C<br>• Consello da Unión Europea ou Consello de Europa. C<br>• Comisión Europea. C<br>• Política e economía. C<br>• Libre circulación de persoas. C<br>• Libre circulación de mercadorías. C<br>• Libre circulación de divisas. C<br>• Educación. Comenius. Leonardo da Vinci. Erasmus. C<br>• Liberdade, seguridade e xustiza. C<br>• O ECU e o euro. C<br>• Aplicación da rutina de pensamento: Vexo - Penso - Pregúntome. P | • Explicar que é a Unión Europea, os seus obxectivos e a súa historia, os países que a compoñen, así como os candidatos a integrarse nun futuro.<br>• Identificar a estrutura e os fins da Unión Europea, explicar algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte da Unión Europea.<br>• Identificar as principais institucións e os seus órganos de goberno, recoñecendo os seus símbolos e saber que é o mercado único e a zona euro.<br>• Comprender as dimensións multiculturais e socioeconómicas das sociedades europeas e percibir como a identidade cultural nacional interactúa coa europea.<br>• Comprender a diversidade cultural e lingüística en Europa, a necesidade de preservala e a importancia dos factores estéticos na vida cotiá.<br>• Describir o proceso de integración de España e<br>doutros países en Europa.<br>• Valorar a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os valores democráticos. | • Explica que é a Unión Europea e os seus obxectivos políticos e económicos.<br>• Enumera os distintos nomes que tivo a Unión Europea.<br>• Localiza nun mapa os seis países fundadores da Unión Europea.<br>• Nomea os países que forman parte da Unión Europea, así como os candidatos a entrar nela.<br>• Localiza nun mapa mudo os países da Unión Europea e as súas capitais.<br>• Coñece as institucións europeas: o Parlamento, o Consello da Unión e a Comisión, e sabe cales son as súas funcións.<br>• Coñece a zona euro e o mercado único, e reflexiona sobre as vantaxes deste para os cidadáns da Unión Europea.<br>• Identifica e describe os aspectos culturais máis relevantes de Europa.<br>• Comprende a diversidade cultural e lingüstica en Europa. Amosa respecto e curiosidade polo que é diferente, enriquece e é construtivo.<br>• Explica as consecuencias que tivo para España a súa pertenza á Unión Europea.<br>• Valora a diversidade lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.<br>• Valora os dereitos e os deberes dos cidadáns | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| • Aplicación dos contidos traballados na unidade dunha maneira competencial.<br>• Ser capaz de redactar unha carta dirixida a un parlamentario explicando os problemas que lle preocupan.<br>• Reflexión sobre os coñecementos adquiridos e sensacións sobre a Unión Europea. | • Realizar traballos e presentacións individuais e grupais.<br>• Valorar o traballo en grupo, amosando actitudes de cooperación e participación responsable, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia.<br>• Usar a tecnoloxía da información e a comunicación para elaborar traballos empregando a terminoloxía adecuada aos temas tratados. | europeos.<br>• Elabora un informe sobre a Unión Europea a partir de información obtida de Internet.<br>• Valora o traballo en grupo, mostra actitudes de cooperación e participación responsable e acepta as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.<br>• Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando os principios básicos do funcionamento democrático.<br>• Respecta as manifestacións culturais e lingüsticas de grupos de persoas inmigrantes da súa contorna.<br>• Describe os trazos da sociedade española actual, e valora o seu carácter democrático e plural, e a súa pertenza á Unión Europea. | |

| **ENSINANZAS TRANSVERSAIS** |
|---|
| **Educación para a paz:**<br>– Coñecer os mecanismos de resolución de conflitos de intereses que se producen no ámbito laboral e os organismos internacionais encargados do mantemento da paz e de defensa dos dereitos humanos.<br>**Educación moral e cívica:**<br>– Valoración da solidariedade entre os países e compromiso activo na defensa dos dereitos humanos e do medio. |

| MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA |
|---|
| Explicar que é a Unión Europea, os seus obxectivos e a súa historia, os países que a compoñen, así como os candidatos a integrarse nun futuro.<br>• Identificar a estrutura e os fins da Unión Europea, explicar algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte da Unión Europea.<br>• Identificar as principais institucións e os seus órganos de goberno, recoñecendo os seus símbolos e saber que é o mercado único e a zona euro. |

| CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN |
| --- |
| Uso correcto dos conceptos e do vocabulario propio da área ao transmitir e solicitar información.<br>Uso espontáneo ou en contextos cotiáns das aprendizaxes realizadas.<br>Grao de elaboración persoal das ideas e respostas.<br>Grao de comprensión e comunicación da información.<br>Orde, limpeza e puntualidade na presentación de actividades: letra adecuada, expresión correcta e clara dos datos e procedementos seguidos, ausencia de faltas de ortografía...<br>Comportamento: respecto polos compañeiros, polo profesorado e polo material; interese e motivación; atención ás explicacións; tenacidade, perseveranza, compañeirismo.<br>Porcentaxe ou valoración de traballos individuais, probas, exercicios…<br>Grao de participación nas súas intervencións, traballos en grupo, proxectos… |

| PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | | |
|---|---|---|
| **ESCRITOS** | **ORAIS** | **OUTROS** |
| Tarefas diversas do alumno/a realizadas na actividade diaria da clase.<br>Actividades diversas de avaliación do alumno/a (libro, fichas fotocopiables, proba escrita…).<br>Traballos en grupo.<br>Actividades TIC: interactivas, ligazóns a Internet<br>Arquivo individual.<br><br>Valoración da formulación e procesos seguidos, así como do resultado obtido. | Preguntas individuais e colectivas.<br>Diálogo.<br>Exposición oral.<br>Proba oral individual.<br><br>Observación e valoración do grao de participación de cada alumno/a e a calidade das súas intervencións. | Rúbrica das unidades didácticas.<br>Rúbrica dos Proxectos.<br>Rúbricas de habilidades xerais.<br>Avaliación das Competencias / IIMM. Rexistro individual.<br>Avaliación das Competencias / IIMM. Rexistro do grupo-clase.<br>Portfolio e e-portfolio.<br>Informe de avaliación. |

## 6. Metodoloxía didáctica, incluíndo as estratexias a desenvolver polo profesorado, para acadar os estándares de aprendizaxe, así como a adquisición das competencias clave.

Para desenvolver as nosas tarefas na aula teremos en conta diversos factores como son: as ideas previas que ten o alumnado sobre o contido a traballar, a disposición do alumnado como grupo, o clima de aula debido ao que nos inflúe o alumno con necesidade específica de apoio educativo.... e así poderemos empregar uns ou outros procedementos didácticos. Buscamos que as distintas estratexias didácticas se amolden á natureza concreta do grupo para obter o maior rendemento posible no proceso de aprendizaxe do alumnado.

O proceso de ensinanza - aprendizaxe debe desenvolver o funcionamento cognitivo global do alumno/a, para iso partimos de que :

- As aprendizaxes son significativas : Todo novo coñecemento partirá das experiencias previas do alumno, converténdose este en axente activo da súa propia aprendizaxe.
- Individualización : As ensinanzas adaptaranse ás diferencias individuais dos alumnos/as.

- Actividade : O alumno/a buscará as relacións significativas entre o que sabe e as novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender.
- Motivación : Utilizaremos contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando, favorecendo así o seu interese.
- Afectividade : Todo isto realizarémolo nun clima escolar adecuado que proporcione o alumno/a: benestar, seguridade e confianza.

O noso papel, como profesores/as, será o de guía e mediador para facilitar a construcción de aprendizaxes os nosos alumnos/as.

Desenvolveremos estratexias metodolóxicas diferentes para que os alumnos/as alcancen os obxectivos propostos para este curso. Así as máis axeitadas segundo o noso punto de vista son:

- Utilización da experiencia previa do alumno como punto de partida da aprendizaxe

- Fomentar nos alumnos/as habilidades para a busca de información, selección, procesamento, tratamento e comunicación dela.
- Potenciar no alumnado a utilización das TICs e das bibliotecas como recursos da aprendizaxe.
- Maximizar o impulso cognitivo utilizando materiais que atraian a atención e dispoñendo dos contidos de forma que aseguren o éxito da aprendizaxe.
- Potenciar que o alumno/a recorra ás súas propias experiencias.
- Facilitar a transferencia do aprendido á vida cotiá do neno/a.
- Elaborar plans de traballo individualizado nos casos nos que as diferencias individuais o requiran.
- O material de aprendizaxe debe ter un significado lóxico.
- Aproveitar os feitos relevantes da vida cotiá para organizar os contidos.
- Utilizar tarefas o máis activadoras posibles.
- Presentar actividades de reforzo e apoio, así como de ampliación das establecidas como comúns ao grupo.
- Utilizar fichas de traballo individual como complemento do libro dixital.
- Potenciar a lectura como medio para o progreso nas diversas áreas do currículo.
- Potenciar unha actitude de superación individual e non de competición.

- Estar abertos ao diálogo, a escoitar os seus problemas e non negarlles a axuda solicitada.
- Crear un clima social de clase relaxado e comprensivo, evitando as tensións e disputas entre compañeiros/as.
- Distribuír tarefas e responsabilidades en clase.
- Apoiar a axuda mutua entre compañeiros/as na realización de actividades.
- Rexeitar todo tipo de discriminación: raza, sexo, condición social ...
- Favorecer a liberdade de expresión e a espontaneidade.
- Favorecer o traballo autónomo e utilizar situacións e estratexias de autoaprendizaxe.
- Levar a cabo unha avaliación continua para coñecer en cada momento a situación de partida de cada alumno/a á hora de introducir novos coñecementos.
- Realizar unha avaliación inicial (nivel de coñecementos, intereses, técnicas instrumentais).

**Secuenciación habitual do traballo na aula.**

Motivación

- Partir do gran grupo para activar os coñecementos previos.
- Presentación da actividade con gráficos, textos, fotos...

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado.
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

Traballo persoal:

- Lectura e comprensión de textos.
- Análises de documentos, pequenas investigacións, problemas de experimentación...
- Respostas e preguntas.
- Realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, de consumo...).
- Memorización comprensiva.

Avaliación:

- Análise de producións: caderno, intervencións no grupo clase.
- Exposicións orais.
- Probas escritas.
- Traballos individuais e en grupo.
- Observación do traballo na aula.

**7. PROGRAMACIÓNS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

O noso curso forma parte do proxecto EVA-EDIXGAL e o libro dixital que se emprega para esta materia é EDEBÉ. A mestra iralles entregando material complementario para traballar na aula, así como outros recursos de internet (outro material do repositorio ABALAR,...), outros medios audiovisuais e calquera outra fonte de información que se vaia considerando oportuna.

**8. PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN INICIAL.**

Nas primeiras semanas do curso, durante o mes de setembro, avaliarase mediante actividades o nivel de coñecementos previos do alumnado para observar o grao de comprensión lectora, análise e resolución de problemas, así como o grao de coñecementos concretas desta materia.

Como mínimo debemos coñecerse a seguinte información relativa ao grupo de alumnos/as:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Para levar a cabo esta avaliación inicial realizaranse: probas escritas, exposicións orais, traballos individuais e en

grupo, observación do traballo na aula, participación en debates,… A información desta avaliación inicial transmitirase ás familias a través das titorías individualizadas e orientará o traballo do mestre/a, do alumno e da colaboración e participación das familias no proceso de ensino aprendizaxe do seu fillo/a.

**Necesidades individuais**

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos/as; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).

- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

## 9. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN CONTINUA E FINAL.

### PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

| PROCEDEMENTOS | INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|
| PROBAS ESCRITAS | - Resolución de exercicios.<br>- Resolución de casos prácticos.<br>- Resolución de problemas.<br>- Realización de fichas. |

| | |
|---|---|
| | - Resposta a preguntas ou cuestións.<br>- Test: verdadeiro- falso, textos mutilados, de opción múltiple...<br>- Elaboración de resumos, esquemas, gráficos... |
| Probas orais | - Exposición dun tema, traballo...<br>- Resposta a preguntas.<br>- Lectura expresiva. |
| Traballos individuais | - Traballos de investigación e experimentación.<br>- ... de análise,<br>- ... de síntese.<br>- Presentacións.<br>- Debates. |
| Traballos en grupo | - Traballos de investigación e experimentación.<br>- ... de análise,<br>- ... de síntese.<br>- Presentacións.<br>- Debates. |
| Traballo na aula | - Listas de control.<br>- Caderno do alumno. |

Estos procedementos e instrumentos de avaliación aparecen mais detallados para cada unha das unidades didácticas no apartado 5 desta programación.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación será de 0 a 10. Para establecer a cualificación teranse en conta os seguintes elementos:

1. ***Observación e análise de tarefas desenvoltas na aula.*** ***<u>20% da cualificación</u>***

- ✓ **Participación oral**. 5% da cualificación deste apartado.
  - Intervencións orais dos alumnos
  - Participación activa na aula
  - Probas orais.
  - Atención e interese demostrado

- Constancia, interese  e esforzo

- ✓ **Traballo individual**. 10% da cualificación deste apartado.
    - Realización de pequenas experimentacións
    - Caderno e material de traballo de clase limpo e ordenado
    - Presentacións
    - Realización de tarefas no tempo previsto
    - Atención e interese demostrado

- ✓ **Traballo en grupo**. 5% da cualificación deste apartado.
    - Respecto ás normas de traballo en equipo
    - Aportacións ao grupo
    - Respecto e valoración das aportacións dos compañeiros/as
    - Realización de tarefas no tempo previsto

*2.* ***Probas escritas . <u>60% da cualificación</u>***

- Elaboración de fichas
- Realización de traballos
- Controis de cada unidade didáctica
- Calidade de traballos de pequenas experimentacións ou clasificacións

***3. Comportamento. <u>20% da cualificación</u>***

- Respecto polo material, compañeiros/as, mestre/a.
- Cumprimento das normas de convivencia consensuadas a principios de curso.

Para aprobar a materia deberá obterse unha cualificación mínima de 5.

**RECUPERACIÓN**

O alumno/a que non alcance os obxectivos propostos:

a. Rectificará a súa actitude si esa é a dificultade.
b. En caso de que o mestre/a o estime oportuno fará aqueles traballos que non fixo ou que fixo mal e corrixirá o caderno.
c. Na proba escrita de cada avaliación incluiranse preguntas correspondentes á avaliación anterior, de xeito que os alumnos/as poidan recuperar este apartado da cualificación global. Tamén se valorará o cambio de actitude e o traballo desenvolvido para recuperar cada avaliación durante o trimestre seguinte.

O alumnado que non obteña nas avaliacións e recuperacións a cualificación de 5 realizará un exame final da materia sobre os mínimos esixibles (grao mínimo de consecución dos estándares) da programación. Quedará exento da realización de dita proba o alumnado que aprobe a materia por avaliacións. Na proba final deberá obter un mínimo de 5.

## 10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

A avaliación do proceso de ensino e a práctica docente será continua ao longo do curso académico. Algúns dos indicadores para avaliar a nosa práctica docente serán:

1. Análise dos resultados obtidos nas avaliacións.
2. O grao mínimo de adquisición dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado.
3. O grao de interese e motivación do alumnado cara a materia.
4. O clima de convivencia observado na aula
5. O grao de adquisición da autonomía do alumnado no proceso de  ensinanza-aprendizaxe.

## 11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e mesmo da programación será continua ao longo do curso académico, pero de xeito explícito levarase a cabo durante o proceso. Algúns indicadores para a avaliación da nosa práctica docente serán:

1. O desenvolvemento da Programación Didáctica no seu conxunto.
2. O axuste entre a secuencialización das unidades.
3. O axeitado da metodoloxía empregada.

4. Os resultados obtidos.
5. O interese amosado polo alumnado na materia.
6. A suficiencia e o axeitado dos recursos materiais empregados e dos exercicios prácticos realizados.
7. O axeitado dos contidos traballados ao nivel do alumnado.
8. O carácter das relacións entre profesores e alumnado, así como as relacións interpares.
9. A regularidade e a calidade da relación cos pais e nais ou cos titores legais.
10. Claridade nos criterios da avaliación
11. Adecuación das tarefas.

## 12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Intentaremos ofrecer unha atención á diversidade, dentro do posible, tanto na programación como na metodoloxía. Así, farase dependendo de cada caso, unha distinción de niveis. Nun primeiro nivel presentaranse as ideas xerais e básicas sobre o tema concreto, para pasar logo a un segundo nivel de profundización. O primeiro nivel deberá ser asimilado por tódolos alumnos, en tanto que os contidos do segundo nivel poden ser traballados máis ou menos profundamente segundo as capacidades de cada alumno en concreto.

As actividades de cada nivel tamén deberán reflectir esa diversidade. Haberá unha serie de actividades que servirán para comprobar o grao de comprensión dos contidos básicos por parte do alumno e corrixir contidos mal aprendidos e outra serie de actividades para comprobar a capacidade de xuízo crítico e de análise de problemas por parte dos alumnos.

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As Actividades Complementarias e extraescolares están recollidas na Programación Xeral Anual. Estarase aberto ó longo do curso a calquera actividade que poida xurdir e resulte de interese para o alumnado.

## 14. PERFIL COMPETENCIAL.

| Competencia clave | Estándar de aprendizaxe |
|---|---|
| CAA-CCL | Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, con precisión, analízaa, obtén conclusións, reflexiona sobre o proceso seguido e comunícao oralmente e/ou por escrito. |
| CD | Utiliza as TIC (Internet, blogs, redes sociais, etc.) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados na aula, xulgando a relevancia destas e a credibilidade das fontes. |
| CAA-CD | Analiza informacións relacionadas coa área e elabora, interpreta e compara imaxes, táboas, gráficos, esquemas e resumos e manexa as TIC en situacións de traballo na casa e na aula. |
| CSIEE | Realiza con responsabilidade e esforzo as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. |
| CCL-CAA | Utiliza con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados e reflexiona posteriormente sobre o proceso de aprendizaxe cunhas pautas dadas. |
| CCL | Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área que manifesten a comprensión de textos orais e/ou escritos. |

| | |
|---|---|
| CAA-CSC | Planifica, realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a procura, selección, análise, contraste, interpretación e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico, en situacións de aula. |
| CSC | Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo e mostra habilidades para a resolución pacífica de conflitos na aula. |
| CSC | Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático (respectar quenda e opinión, escoitar o outro e argumentar, toma de decisións conxunta, etc.). |
| CSC | Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos (aula, colexio, familia, etc.) sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos. |
| CSC | Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida social da aula e do colexio e crea e utiliza estratexias para resolver conflitos. |
| CSC | Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornas (escola, familia, barrio, etc.). |
| CSC | Valora e apoia a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos exercitando prácticas democráticas en situacións de toma de decisións. |
| CSIEE | Mostra actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que o rodean na aula, a familia e o colexio. |
| CSIEE | Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. |
| CSC | Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas en situacións de aula. |
| CSC | Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades. |
| CL-MCT | Describe como é e de que forma se orixinou universo e explica os principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa. |
| CL-MCT | Describe as características, compoñentes e movementos do sistema solar, identificando o Sol no centro do sistema solar e localizando os planetas segundo a súa proximidade. |
| CL-MCT | Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe de xiro e os polos xeográficos e asocia as estacións de ano ao seu efecto combinado. |
| CL-MCT | Asocia e explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre utilizándoos como unidades para medir o tempo. |
| CL-MCT | Define a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares. |
| MCT | Identifica, nomea e describe nunha representación gráfica as capas da Terra. |
| CCL-CMCT | Compara, contrasta, examina e explica as distintas representacións da Terra: planos, mapas, planisferios e globos terráqueos. |
| CMCT-CCL | Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel. |
| CMCT | Localiza e representa diferentes puntos da Terra empregando os paralelos, os meridianos e as coordenadas xeográficas. |
| CCL | Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións. |
| CCL | Razoa e explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non o facer. |
| CCL | Explica cal é a diferenza entre tempo atmosférico e clima (p. ex., en mapas conceptuais). |
| CMCT | Identifica en imaxes os distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos e clasifícaos segundo a información que proporcionan. |
| CCL-CMCT | Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función e confecciona e interpreta gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións. |
| CMCT | Interpreta sinxelos mapas meteorolóxicos distinguindo os seus elementos principais. |
| CCL | Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan. |
| CCL | Explica que é unha zona climática nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais. |
| CMCT | Describe e sinala nun mapa os tipos de climas da súa comunidade autónoma e de España, así como as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España relacionándoos co clima ao que pertencen. |
| CCL | Define hidrosfera, identifica e nomea masas e cursos de auga, explicando como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas. |
| CCL-CMCT | Describe ordenadamente as fases en que se produce o ciclo da auga. |
| CCL-CMCT | Diferencia, nun mapa, cuncas e vertentes hidrográficas da súa comunidade autónoma, de España e de Europa. |
| CCL-CMCT | Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un deles. |
| CCL-CMCT | Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes da súa comunidade autónoma, de España e Europa, valorando a súa diversidade. |
| CMCT | Localiza e sitúa nun mapa as principais unidades do relevo da súa comunidade autónoma e de España, así como as súas vertentes hidrográficas. |
| CMCT | Sitúa nun mapa os mares, os océanos e os grandes ríos de España., así como os ríos da súa comunidade autónoma. |

| | |
|---|---|
| CMCT | Localiza e sitúa nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e os seus climas. |
| CCL-CMCT | Recoñece e describe, mediante esquemas, os principais trazos do relevo, os ríos e o clima de Europa. |
| CSC-CCL-CMCT | Explica e argumenta o uso sustentable dos recursos naturais, propoñendo e adoptando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta. |
| CSC-CCL-CMCT | Explica, analiza e argumenta as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo. |
| CSC | Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución de 1978 e explica a importancia que ten a Constitución española para o funcionamento do Estado español. |
| CCL | Identifica as principais institucións de Galicia da súa comunidade autónoma e do Estado e describe as súas funcións e a súa organización. |
| CSC | Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución española para cada un deles. |
| CCL-CSC | Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos os distintas CC. AA. e as cidades autónomas que forman España, así como as súas provincias. |
| CCEC-CSC | Valora, partindo da realidade do Estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio, e especialmente en Galiciana súa comunidade autónoma, como fonte de enriquecemento cultural. |
| CSC | Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos (p. ex., nun mapa conceptual) e localiza nun mapa os países membros e aos súaseus capitais. |
| CSC | Identifica as principais institucións e os seus órganos de goberno na Unión Europea, recoñecendo os seus símbolos, e explica en que consiste o mercado único e a zona euro. |
| CCL-CMCT | Define demografía, comprende os principais conceptos demográficos e calcúlaos a partir dos datos de poboación: natalidade, mortalidade, emigración e inmigración. |
| CCL-CSC | Define poboación dun territorio, identifica os principais factores que inciden nela e defíneos correctamente. |
| CAA-CMCT | Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación. |
| CCL-CSC | Describe os principais trazos (poboación activa, non activa, densidade, etc.) da poboación española e europea facendo unha comparación entre ambas. |
| CCL-CSC | Explica o proceso da evolución da poboación de da súa comunidade autónoma, España e Europa e describe a incidencia que tiveron nela factores como a esperanza de vida ou a natalidade. |
| CAA-CSC | Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española e europea, por exemplo mediante un organizador gráfico de causa efecto. |
| CMCT | Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en na súa comunidade autónoma e España e as zonas densamente poboadas. |
| CMCT | Describe a densidade de poboación da súa comunidade autónoma e de España e compáraa mediante gráficos (pirámides/diagramas de barras/diagramas circulares) coa media da Unión Europea. |
| CCL-CSC | Explica o éxodo rural, a emigración a Europa e a chegada de inmigrantes a Españao noso país. |
| CCL-CSC | Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpobolación, envellecemento e inmigración. |
| CCL-CSC | Identifica e define materias primas e produto elaborado e asócioas coas actividades mediante as que se obteñen. |
| CCL-CD-CSC | Describe ordenadamente o proceso de obtención dun produto ata a súa venda e identifica os sectores aos que pertence, por exemplo buscando información en Internet. |
| CAA-CSC | Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen. |
| CCL-CSC | Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en na súa comunidade autónoma, España e Europa, así como as súas localizacións nos territorios correspondentes. |
| CCL-CSC | Valora con espírito crítico a función da publicidade e recoñece e explica as técnicas publicitarias máis habituais analizando exemplos concretos. |
| CSIEE | Diferencia entre distintos tipos de gasto e adapta o seu orzamento a cada un deles. |
| CSIEE | Planifica os seus aforros para gastos futuros elaborando un pequeno orzamento persoal cunha asignación e unha serie de gastos ficticios propostos. |
| CAA | Investiga sobre distintas estratexias de compra, comparando prezos e recompilando información. |
| CSIEE | Desenvolve a creatividade e valora a capacidade emprendedora dos membros da sociedade a través de diferentes fontes. |
| CCL-CSC | Identifica diferentes tipos de empresa segundo o seu tamaño e o sector económico ao que pertencen as actividades que desenvolven. |
| CCL-CSC | Describe diversas formas de organización empresarial, por exemplo cun organizador gráfico. |
| CCL-CSC | Define termos sinxelos relacionados co mundo da empresa e da economía, ilustrando as definicións con exemplos e coa axuda dun mapa mental. |
| CL-SC | Explica normas básicas de circulación e as consecuencias derivadas do descoñecemento ou incumprimento destas. |

| | |
|---|---|
| SC | Coñece o significado dalgúns sinais de tráfico, recoñece a importancia de respectalas e utilízaas como peón e como usuario de medios de transporte (abrocharse o cinto, non molestar ao condutor, etc.). |
| CCL-CSC | Define e relaciona o concepto de Prehistoria e o de historia, identifica a idea de idade da historia e data as idades da historia asociadas aos feitos que marcan os seus inicios e os seus finais, nomeando algunhas fontes da historia representativas de cada unha delas, e comunícao oralmente e/ou por escrito. |
| CL-SC | Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandaría como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas e comunícao oralmente e/ou por escrito. |
| MCT | Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza algúns feitos situándoos como sucesivos a. C. ou d. C. |
| CMCT | Usa diferentes técnicas, ferramentas e recursos para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos, coa axuda de gráficas e/ou esquemas. |
| CMCT | Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes das distintas idades da historia en Galiciana súa comunidade autónoma e en España (Prehistoria, Idade Antiga, Idade Media, Idade Moderna e Idade Contemporánea). |
| CMCT-CCL | Identifica e localiza no tempo e no espazo algúns dos feitos fundamentais da historia de España, describindo as principais características de cada un deles, e comunícao oralmente e/ou por escrito. |
| MCT-AA | Analiza, relaciona e explica a forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas, por exemplo nun mapa mental. |
| CL-SC | Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais das distintas etapas da historia da súa comunidade autónoma e de España (Prehistoria, Idade Antiga, Idade Media, Idade Moderna e Idade Contemporánea) citando aos seus representantes máis significativos e situándoos no tempo nunha situación dada. |
| AA-SC-CEC | Explica, compara e contrasta as diferenzas dos dous períodos nos que se divide a Prehistoria, describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas e comunícao oralmente e/ou por escrito. |
| CL-SC | Data a Idade Antiga e describe as características básicas da vida naquel tempo, en especial as referidas á romanización, e comunícao oralmente e/ou por escrito. |
| CL-CEC-SC | Identifica e secuencia os trazos distintivos das culturas que conviviron nos reinos peninsulares durante a Idade Media, describindo a evolución política e os distintos modelos sociais, e comunícao oralmente e/ou por escrito. |
| CL-CEC-SC | Explica as características da Idade Moderna e algúns dos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia neste período de tempo (monarquía dos Austrias, séculos XVI e XVII; os Borbóns, século XVIII) e comunícao oralmente e/ou por escrito. |
| CCL-CCEC-CSC | Explica os principais acontecementos que se produciron durante os séculos XIX e XX que determinan a nosa historia contemporánea e comunícao oralmente e/ou por escrito. |
| CCL-CCEC-CSC | Describe os trazos característicos da sociedade española actual a través dun texto dado e valora o seu carácter democrático e plural, así como a súa pertenza á Unión Europea. |
| CCEC | Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico de Galiciaa súa comunidade autónoma e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora apadriñando un elemento deste patrimonio. |
| CSC | Respecta os restos históricos, valóraos como un patrimonio que debemos legar e recoñece o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental achéganos para o coñecemento do pasado. |
| CSC | Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo nas saídas realizadas. |
| CCEC | Aprecia a herdanza cultural a escala local, autonómica, nacional e europea como riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar. |

## 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Ao longo do curso iremos revisando, avaliando e modificando a programación didáctica en función do análise do desenvolvemento da mesma e dos resultados académicos obtidos, establecendo propostas de mellora en cada un dos apartados, segundo a táboa que a continuación se detalla:

| ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA | | RESULTADOS ACADÉMICOS | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| **Preparación da clase e dos materiais didácticos** | Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases. | | |
| | Existe unha distribución temporal equilibrada. | | |
| | O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo. | | |
| **Utilización dunha metodoloxía adecuada** | Tivéronse en conta aprendizaxes significativas.<br>Considérase a interdisciplinariedade (en actividades, tratamento dos contidos etc.). | | |
| | A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a. | | |
| **Regulación da práctica docente** | Grao de seguimento dos alumnos. | | |
| | Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes. | | |
| | Os criterios de promoción están acordados entre os profesores. | | |
| **Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias** | Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos. | | |
| | Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe. | | |
| | Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas. | | |
| | Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | • Aos alumnos.<br>• Ás familias. | | |
| **Utilización de medidas para a atención á diversidade** | Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe. | | |
| | Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe. | | |
| | As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes. | | |
| | Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo os informes psicopedagóxicos. | | |
| ... | ... | ... | ... |